

# O TIO MARCOS D' A PORTELA

Os mandamentos d'o Marcos fora d' airexa, son seis: facer á todos xusticia, non casarse con ninguen, falar o gallego enxebre, cumprir c'o que manda a ley, loitar pol-o noso adianto con entusiasmo e con fé, vestir calzós e monteira peromnia século amen.



Teñen os pobos a gala n-o seu linguaxe falar: fálase chino n-a China, portugués en Portugal, catalán en Cataluña, e n a Alemania, alemán, soilo os gallegosd' agora hastra vergonza lles dá falar a melosa e dulce fala que falan seus país.

## PARRAFEOS C'O POBO GALLEGO

Ano sétimo

Ourense 17 de Mayo de 1885

Parrafeo satenta e oito

### O MES DE MAYO.

¡Cántos recordos gardo n-o corazón d' este mes o mais esprandoroso e garrido d' o ano! ¡Qué gallego que vivise n-as nosas aldeas non-os garda?

De neno anda un ás volvoretas que se pousan á zugal-a mel d' as recedentes froles d' o val, ou ós grilos que cantan entr' os centeos d' os agros; xa grandeiro, xoga un c' os cabirtos que depinican os gromos d' as queiroas, ou c' os años que pitiscan a miudá erba d' os lameiros; de mozo súrtelle un ó camiño á garrida rapaza que volve d' arrecadar o gando, e n-as prácidas noites érguese ó ceo co-ela en parolas d' amor, e dempois de deixala, cando escomezan á crarexar os luceiros d' a mañan, cando douran os hourizontes as nacentes nubes d' ouro, mensaxeiras d' o sol, si ben cadra vai á bodega d' un amigo que alcontra, botar un trago dinantes de se deitar pra repoñer as perdidas forzas, e déitase logo, y-a nada que durma érguese espertado pol-o concerto de píos que sosteñen os páxaros n-os árbores; xa home admirase c' os feitizos d' a natureza que s' amosa co-as suas milliores galas, e foncho e compracido contempra a vexetacion d' os agros, n-os que a mau d' o Creador parés que s' empeñou en

amostrarse abondosa e pródiga pol-a forza con qu' esfarnan as vides, pol-o ben que recenden as froles e pol-o apresa que medran as prantas.

Mayo, cobizoso mes en que todol-os xérmes d' a vida s' espaxen pol-a terra e pol-a atmósfera: Mayo, mes feitizador d' os amores, d' as froles e d' os páxaros; ¡ben haxa o que te lauda, e feliz d' aquel que sin estranías n-o espíritu saudas as tuas mañás deleitosas e vé fuxir as tuas poéticas tardes!

Xa os rapaces andiveron collidos pol-a mau en ledor e dando voltas ó redor cantando o mayo feito de verde musgo e coberto de cheirosas froles; xa os mozos d' as aldeas puxeron n-as ventanas d' as suas noivas os feitoquiños ramaños de caraveles en sinal d' amor e venturanza; xa os gandulos rubindo como gatos pol-os troncos d' os árbores desfixéronlle o niño á unha parexa de carrizas pra se gabaren d' o feito entr' os seus algeirantes compañeiros d' escola; xa os mozos churrusqueiros que campan libres d' a meiga d' o amor, espetaron n-o medio d' a praza e n-unha trabe longa a figuranza d' un home feito de palla, que alá pol-os derradeiros d' o mes, diante d' unha barullada louca ha caír ó chau guindado pol-o mais estrevido, e servirá d' aldraxe á moza á quen n-a solaina ou n-a eira d' a sua

causa ll' o deixen como mala encomenda n-as altas horas d' a noite: xa en total-as eirexas d' as aldeas resoan como coros de virxes as amorosíñas cantigas qu' erguen á Reina d' os ceos, á virxen María as suas fillas en axuntanza ô pé d' o altar.

Hastr' os reiseñores c' os seus ledos e non comprendidos gorxeos laudan ô mes mais feiticeiro d' o ano; pero nin por esas: deulle ô ceo por amostrarse fosco, antoxóuselle ô sol achantarse como fai Cánovas n-a presidencia d' o Consello, e non paran os xenios d' as nubes de valeirar auga sobre de nós, tal e como si se volveran ministros d' a Facenda n-o tocantes á nos botar trabucos riba d' o lombo.

O vello refran: *En Mayo de meu me cayo*, tamén quedou por terra. ¿Quen se cai n-este Mayo que s' asemella á Marzo marzan, que ten pol-a mañá cara de rosa e pol-a tarde cara de can, si cuáseque tolle o courisco que corre, sinon brillan os rayos d' o sol, si as chuvias non s' escorrentan?

Está bô tempo pr' os que sosteñen que as pingas d' orballo que campan n-as froles son pelras cualladas. A seren usureiros todol-os dônos de xardís y-a poderen levar o dito ô feito co-a colleita d' este ano, abofellas que medrarián, chegando á medir as pelras por tegas.

Os que non se lembran d' os feitizos d' o mes de Mayo son os acoradiños que andan remexendo n as trécolas d' a política. O sol sai pra eles pol-a praza d' Oriente de Madril, e como n-ela s' ergue un pazo con mouras paredes, nin o sol quenta nin brila como debera, e teñen que dárense por satisfeitos con estáren á sombra.

Os que mandan, co-a fouciña n-a mau decotan o álbore d' a libértá e danlle xofre ás vides d' o presupuesto pra que produzan bós recimos e mellores vagos: de cando en vez vanse ôs grilos como se foi o conde d' as Almeas ô estranxeiro pra que canten n-os agros d' a oposicion cobertos de ferraña segun din os cesantes. Os mandados, sendo xefes de partido, precuran que n-os agros d' o poder medren as malas erbas pra que as pisen os mandarís e se poñan d' un xenio enrabechado.

A Sagasta deulle por andar á *avéspara vente á palla* c' os demócratas de total-as castes, e como fai tempo que non viron moscas, porque as moscas solo rondan onde bentan mel, vanse á palla pra picaren n-a mosca, sin que se deprocate D. Práxedes Mateo de qu' as avésparas teñen aguillon e poden eravarillo á pouco que se descoide, sin que lle valla pra que o hinchume non va-

ya adiante, que poña riba d' a picadela unha peza de cobre inda que sea d' as que gomitan promo.

Cánovas asoméllase á un grilo (e perdoen a comparanza os que o teñen por moustruo), pero á un grilo d' eses avisados, que como si souberan que n-o mundo hay rapaces que se degoran por collelos pra pólos n-as grileiras, fan dous buratos un longo y-outro atravesado, pra que, furguen o que furguen, non se vexan n-o caso de sairen á forza de ser magoados pol-a palla.

Os *rapaces d' a libértá* andan co-a palla d' a oposicion furga que furga n-o burato d' o Ministerio: vendo que o grilo non sai axuntaronse todos en barullada tola pra collerenlle as saídas e... ¿que si queres? bulrándose de somellantes aduanerías, o grilo princepa d' os conservadores, acurrúchase n-o burato e non canta pra que non conezan onde s' agacha, e de rebulir co-as aas pra cantar, faino solamentres n' un pazo n-o que segun contas pracen moito as cantigas d' este grilo.

¿Acordádesvos d' o que fan os rapaces cansos d' agardar por que saya o grilo d' o burato? A min parece-me que o tapizan ou que o enchen d' auga valendose d' a regadeira quealcontran mais á mau pra facelo. Pois a coalicion liberal foi en política tapizar ou encher d' auga o burato Pero nin por esas sai o grilo.

Os que sairon d' o burato porque se volveron grilas foron Romero Robredo e Pidal, e si non s'alcontran n-a grileira d' a oposicion, é porque non queren ocupala namentres o grilo maor non entre n-ela.

N-o Mayo d' a política os labregos somol-os paxaros: collennos co-a liga d' o poder os caciques, ármannos á gayola n-os trabucos, e non facemos mais que piar n-as eleuciós e vivir expostos a que nos deprumen y-a que nos desfagan o niño os aduanantes d' o goberno.

*Terraña por terra;  
a terra d' a Ulliña.*

Andiven n-o mundo  
d' abaixo pr' arriba;  
corrin as comarcas  
d' a nosa Galicia;  
botei uns seis anos  
alá por Castilla  
e digo e direi,  
darei sin mentira,  
terraña por terra,  
a terra d' a Ulliña.

Aquí mostra o trigo  
 graúdas espigas;  
 aquí as centéas  
 parecen caídas,  
 o millo, patacas  
 e herbellas, se pintan,  
 mantén ô labrego  
 e dan pra a-familia.  
 Terriña por terra,  
 a terra d' a Ulliña.

Aquí sobran zreixas;  
 aquí medran guindas,  
 fresiñas, pexegos  
 e doces pavías;  
 a pera, a masan.  
 a claudia, a sandía,  
 laranxas, limons,  
 e cidros, e limas.  
 Terriña por terra,  
 a terra d' a Ulliña.

Carólos, castañas  
 aquí hay e viñas,  
 qu' a non sel-o oidio  
 co-as uvas partiran;  
 mais, xofre levando,  
 son poucas ainda  
 as que, malo, ou bô,  
 viñoño non rindan.  
 Terriña por terra,  
 a terra d' a Ulliña.

Aquí n-as gargantas  
 qu' os montes limitan,  
 marmulan regueiros  
 que ven d' as fontañas.  
 E fontes e arroyos  
 con auga n-os brindan  
 sabrosa, abundante,  
 moi fresca e moi limpa.  
 Terriña por terra,  
 a terra d' a Ulliña.

Hay lebres, coellos,  
 perdices d' a libra,  
 tamen paspallásas,  
 tamen arceiñas.  
 E péscans' escalos,  
 zamborcas, anguías,  
 salmons, anduriños  
 e troitas grandísimas.  
 Terriña por terra,  
 a terra d' a Ulliña.

Hai fábricas, pazos,  
 castelos, cen quintas  
 qu' os ricos disfrutan,  
 y-os probes n-envidian.  
 E tempos famosos,  
 sonadas ermidas,  
 ond' os devotiños  
 chorrean pra misas.

Terriña por terra,  
 a terra d' a Ulliña.

E logo ¡qué coita,  
 qu' enfado, non tira  
 o rio ondeando  
 despacio, ou á prisa,  
 por entre camposas  
 de varias rosicas,  
 arbríños e fentos  
 qu' o home utiliza!  
 Terriña por terra,  
 a terra d' a Ulliña.

¡Qué gusto, qué gozo,  
 de Mayo n-os días,  
 oíl-os concertos,  
 as voces distintas,  
 d' as aves qu' alí  
 namoran e chilan,  
 á Dios bendecindo,  
 sotencia infinita!  
 Terriña por terra,  
 a terra d' a Ulliña.

Alí, si, que cantan  
 rapazas garridas  
 aquel alalala  
 qu' ôs mozos feitiza.  
 Cantaban, qu' agora,  
 co-as modas malditas,  
 x' apenas s' escoita,  
 x' apenas s' estila.  
 Terriña por terra,  
 a terra d' a Ulliña.

¡Qué vivo pracer,  
 que grata delicia,  
 n-as tardes de vran,  
 de sol qu' eschamiza,  
 â sombra deitarse  
 alí sin fatica,  
 ou ler d' algun libro  
 honesta doutrina!  
 ¡Terriña por terra,  
 a terra d' a Ulliña.

Pro non hay partidos,  
 non hay bandeirías,  
 non callan as guerras,  
 non colan intrigas;  
 qu' eiquí é a xente  
 honrada, cabida,  
 atenta ô traballo  
 e nunca baldía.  
 Terriña por terra,  
 a terra d' a Ulliña.

MARCIAL VALLADARES.





## A VIDA N-UN SONO.

Un gallego veciño d' a Peroxa foi a servir ó rey n-o exército de Cuba. Aló van com' as ovelhas pr' o matadeiro os fillos d' a nosa terra, que morren n-aquel desterro muschados pol-a morriña ou vítimas d' o gómito negro ou d' a febre amarela.

Tantos gallegos cairon n-aquela cova, que penso que os seus hosos inda que se pesasen n-a romana d' o demo qu' entra con todas, pesarian mais que a Illa enteira de Cuba, n-a que os fillos de Galicia, seica por mala fada e inda que vayan a sufrir traballos, fan as veces de vagos pol-o moito que n-ela os espremen e pol-o que soltan o xugo d' a vida.

Camilo Martínez, que así se nomea o recluta d' o que vos falo, pasa d' un ano que s'alcontra durmindo n-un hospital d' Habana, e por mais que os médecos remexen n-os meolos a cencia que deprenderon, e por moitas meiciñas que lle recetan, non logran espertalo.

Parès que o soldado veciño d' a Peroxa se propuxo servir ó rey durmindo, sin que sea milagre, pois moitos sirven ó rey por este xeito, inda que campen n-as suas lanvitas cintaxos e cruces de total-as castas e de total-as órdes.

O que pasma é que un recruta d' o exército d' Ultramar, que si non son carne de cañon porque a Dios gracias agora por alá non estrondan, non son d' os mais agasallados, lonxe de ll' acipillar a roupa ou de lle limpar as botas a un xefe de perendengues e campañas, —que hastra n-estas angueiras entreteñen ós héroes d' a pátria, — e de levar a mochila ó lombo, e de levar tamen mais postes que un preiteante probe n-o patin d' a curia, n-unha d' esas *paradas militares* que dispoñen pra que o capitán xeneral montado n-un cabalo reviste as tropas, pase a vida n-un sono sin pitiscar o rancho, asistido por un falo de médecos, que e' o gallo de estudar o fenómeno, cóidano como si fose un príncepe enfermo, e sin pensar xiquera n-o que vay e n-o que ven, n-o que corre e n-o que voa, n-o que rube e n-o que baixa, e cicais sendo branco d' a envexa d' os maestros d' escola que sinten fame.

Noméase *catalepsia* a enfermédá d' este soldado gallego.

¡Cantos cobizaran que a *catalepsia* fose unha peste, unha colera que contaminase total-as aldeas d' a terriña! Pasar a vida n-un sono é

cousa d' a que poucos se poden gabar: deixar este mundo dempois de botar unha sonada d' algús anos pra espertar sin xiquera restregar os ollos n-o mundo d' a verdá, é unha caste de privilexo que non teñen os xustos, que morren pol-o xeneral padecendo moitos dolores e que non se libran de facer a carantoña.

¿E si os médecos chegan á lograr a segura d' a *catalepsia*?

Contaráselle os anos de sirvicio pol-os que levou durmindo, e queiras non queiras terán que darlle a ausoluta, e sin que minta, cando volva a sua terriña d' a Peroxa, poderá dicirle ós seus veciños que cayan quintos, que o sirvicio d' o rey n-o exército d' Ultramar faise durmindo.

Mantéñeno con leite como si fose un neno d' os que ainda s' emburullan, e n-o ano que leva n-esta disposicion, non moveu mais que unha vez os lábeos, o que proba que os homes por malos que s'alcontren e por mais que perdan o coñecemento, nunca s' esquecen de que teñen boca.

## QUEN ENGAÑ· A QUEN.

(CONTO).

Un xitano n-unha feira que se fai n-o Tarabelo todol-os sábados, quixo enganar á un chalan vello, veciño, sinon trabuco, d' o lugar de Miodelo, trocándolle de contado un burro d' un ollo cego pol-o d' o chalan, qu' á vista era un burro muy ben feito.

Cando xa iban á cerrar o trato, o bon d' un labrego qu' a falta reconeceu n-o burro d' o *estranxeiro*, chegouse pouquiño á pouco á rente d' aquel gallego e díxolle ás caladiñas en toada de sacreto:

—¡Qué vas facer, tolo Mingos; tí que fas, lévent' os deños! ¿N on ves qu' ese burro éche torto e cego d' ollo esquerdo?

Y-o chalan cand' esto oeu marcou silencio qu' o dedo decin lolle á seu paisano con t'no quedíño, quedo:

—Non berres, Xan; o meu trato é muy bô; non che dou creto; pois s' o burro d' o xitano d' un ollo é faltoso e cego, o meu desde que naceu non veu esa lus d' o ceo, nin nunca n-a súa vida ó alcacer que lle deron por non ver cousiña algunha

d' os ollos direito e esquerdo.

Levaron á feito o trato;  
y-o xitano muy contento  
(;dempois de darlle o chalan  
unha preixa de diñeiro!),  
montou n-o cegueño burro  
berrándolle á un compañeiro:  
—Holé, compare, gran trueque;  
hoy me chalané á un gallego.

Mais inda non dera un paso  
enriba d' o burro cego,  
cando tropeizou n-un croyo  
de que abundaba o carreiro,  
dando o traste c' o xitano  
que esfolou todo o peteiro,  
je dempois inda decía  
que se rira d' un gallego!

M. LUGRIS FREIRE.



A Iberia dí que os conservadores alcóntranse  
apurados por non saberen como cair.

Por pouco s' apuran: si se deixan levar pol-o  
meu consello sayen logo d' o mal paso.

Que cayan de fociños, e dempois que agarden  
á qu' eu os erga.

Titulo d' o artículo d' un periódico: *Un morto  
que fala.*

¡Gran cousa! Aló pol-a Gudiña hay mortos  
que votan y-en ningures vin s' acupasen d' o  
caso con estraneza.

Por acó estamos afeitos á ver os mortos xogar  
n-a política conservadora.

O mozo Pedro Cerote  
que en Seixalvo come pan,  
porque corre caro o millo  
pol-os mercados d' alá,  
por ver á unha costureira  
todol-os domingos vay  
por camiños e congostras  
de car' á San Ciprian:  
duas rapazas xeitosiñas  
que viven euase de par,  
unha n-a rua d' o Sol,  
n-a praza outra, d' o rapaz,  
segun malas lingoas contan  
non paran de marmurar.

Anoxado o de Seixalvo,  
que á mais de mozo é truhan,  
xuroullas que todas xuntas  
habíanllas de pagar,  
e chegoise ond' o tio Márcos  
nantronte pol-a mañan,  
e díxolle coraxudo:

«Tio Márcos, vosté que fai  
pouco menos que milagres  
co-as revoltas que lle dá  
á esa gramáteca parda,  
que campa n-o seu falar,  
faga por milagre aixiña  
que as nenas de San Ciprian,  
por ir ver á costureira  
de min non latriquen mais,  
pois poño á Dios por testigo,  
que non saben con quen dan,  
que de seguiren falando  
hay o demo n-o lugar,  
e doulles unha deluba  
anque s' anoxen seus pais,  
que d' ela de car' o inferno  
ansí Dios me salve van.»  
Doulle este aviso ás rapazas  
pol-o que pódea importar,  
pra que se libren d' o mozo  
que en Seixalvo come pan.

O derradeiro domingo pol-a noite choveron  
patacas n-o teatro; así como sona, meus labregos;  
por mais que mentira vos pareza, porque  
sabendes o traballiño que vos custa precuralas  
n-os eidos.

Fixose o milagre porque o director d' a or-  
questa se negou á tocar a muiñeira, e como pol-a  
mor d' a gaita s' arma unha de paus n-as aldeas,  
armouse pol-a mor d' a múseca unha de patacas  
n-a vila.

A chuvia de patacas caíu d' o galiñeiro. ¿On-  
de mil xuncras se fixeron co-elas á tal hora?  
¿Levábanas, por un sí acaso, n-as faltriqueiras?

Eu solo sei que si o señor gobernador non fai  
conque toquen a muiñeira, o teatro échese de  
patacas. ¡Parès que valeiraban culeiros d' elas  
por riba de nosoutros!

Si xiquera caisen cocidas ou en cachelos, non  
faltaría quen abrise a boca; pero caían cruas,  
eran patacas novas, y asemellábanse á balotes.

Os zapateiros de Noya  
que s'alcontran n-o Riveiro  
traballando pol-o oficio  
en zapatos de becerro,  
os domingos pol-a tarde  
san de Ribadavia cedo,  
e van de car' a Xubin  
xuntos a xogar us netos  
n-a taberna d' a Sabela  
que ten branco e tinto a eito.

O domingo dez de Mayo  
oito d' estes zapateiros  
estaban xogando a brisca  
e pol-as trazas muy ledos,  
cando dous unha disputa  
acalorada emprenderon.  
A *Topete*, *Media cara*  
díxolle falando en serio  
que vira aló en Xibraltar  
e d' o mar en medio e medio  
nadando riba d' as augas  
unha fragata de ferro:  
non lle colou a *Topete*  
o dito d' o compañeiro  
y-encarándose co-él  
ansí lle dixo con xenio:  
«¿Quéresme meter caroncas?  
ves a boa parte; pois teño  
corrido mais mundo eu solo  
que millenta zapateiros,  
y-en tocantes a fragatas  
como d' a subela entendo:  
as fragatas son de pau  
de castaño ou d' amieiro,  
feitas cal barcos de rio  
punto mais ou punto menos,  
porque si de ferro fosen,  
si fosen feitas de ferro,  
estonces afondarian  
¿non-o coneces, bcrrego?»  
Anoxouse *Media cara*,  
rosmoulle com' un cadelo  
e dixo berrando, «xuro  
que as fragatas son de ferro,  
e que tí eres mais besta  
que unha besta d' arrieiro,  
que non sabes o que dís,  
que eres un mal zapateiro  
que teño a menos falarche,  
que és coacha de remendos  
ou d' os que botan chatolas  
n-as feiras en zocos vellos,  
que si me dismintes vouche,  
¡que non me coman os demos!  
a esfarelarche os miolos  
en menos que digo un credo.»  
¡Quén tal lle dixo a *Topete*!  
ergueuse d' o seu asento  
e quíxolle a *Media cara*  
poñer por monteira o xerro,  
y-agarráronse, namentres  
os outros seis compañeiros,  
como si nada pasase  
o viño seguían bebendo;  
e *Media cara* a *Topete*  
turrulle ben pol-ós pelos,  
e *Topete* a *Media cara*  
fíxolle un pote tremendo  
e crismoulle a cara enteira  
a arañadelas, de xeito  
que lla deixou chea de sangue  
que daba lástema velo.  
Que os d' a rifa se magoasen,

que os outros seis compañeiros  
non precurasen xiquera  
soparalos ou collelos,  
a min non me causa pasmo,  
son turcos e non-os creo,  
pois beberan entre os oito  
alá por sasenta netos,  
e colleran unha mona  
cada un, que nin o demo.  
¡Si tiveron mau de si  
d' abondo afellas fixeron!



A Diputacion d' a Cruña decrarou fillo adoutivo d' aquela provincia ó arcebispo de Compostela, Emmo. cardinal Payá e Rico, en agradecemento d' a cesion que o ilustre príncipe d' a eirexa fixo de parte d' o mosteiro de Conxo pra manicomio de Galicia.

Acordou ademais que o seu retrato se poña n-a sala de sesiós.

Non estou acorde con ambas acordancias, porque xuzgo merecente de maores honras á quen tanto val e tanto traballa pol-o ben d' os probes e pol-o adianto d' a nosa terra.

Con nembralo fillo adoutivo d' a provincia mais lle quitaron que lle deron: sei por esperencia o que dan de si os parentescos co-as Diputaciós. Dende que as hay, vimos sendo todol-os labregos *primos* d' elas, e lonxe de n-os tratar como d' a familia, tratannos como alleos, que sempre foi maña vella en Galicia gastar agasallos e cumpridos e os de fora e poñer en preitos e mataren á disgustos ós d' a casa.

Con poñeren o retrato n-o poleiro d' os país d' a provincia, fixéronlle un fraco servicio. D' hoxe en diante o cardeal arzobispo, pol-o menos en figuranza terá que oubir moitas cousas que non son pra oubidas.

Eu penso que deberan laudalo d' outra maneira; pero xa se vé..., agora estílese d' ese xeito e non alcontraron mellor maneira d' amostarlle gratitude que facelo fillo adoutivo d' a provincia como si xa non fose o seu pái espiritual.

Póidolles quedar a cabeza descansada ós autores de tal acordo.

Propoño que sean os promeiros en ir á nova casa de tolos.

#### NON TEN VOLTA.

Que vay de mal en pior  
a xente conservadora,  
que ó ver Romero á Silvela  
vé ó demo con rabo e cornas,  
que Toreno e que Pidal  
fánse a figa si s' alcontran,  
que Cos-Gayon e Quesada  
como dous cadelos rosman,  
que Cánovas arrenega  
d' os ministros orestora,

que si poidera trocalos  
 como as camisas se trocan,  
 non quedaba un solo d' eles  
 n-a ministerial poltrona,  
 ben se vé pol-o que pasa,  
 pol-o que se fan a contra,  
 e pol-o ben que se vé  
 non ten volta.

Que Sagasta ó Ministerio  
 ándalle facendo a rosca,  
 que ós conservadores, Martos,  
 ándalles pondo a gayola,  
 que Martinez Campos bufa  
 porque non turra d' a corda,  
 que asexo Lopez Dominguez  
 pol-o burato d' a porta,  
 que Moret vay c' o recramo  
 pra que n-o pazo ll' o oyan,  
 que ó noso Linares Rivas  
 estáselle abrindo a boca  
 desque deixou a carteira  
 e desque non benta outra,  
 que Castelar c' os monárquicos  
 anda xogando á pelota,  
 que Ruiz Zorrilla non pensa  
 mais qu' en ver queimar a pólvora,  
 que os liberás, brancos, mouros  
 e mais roxos, nop acouban,  
 pol-o moito que aduanan,  
 pol-o que sempre parolan,  
 pol-o que sinten e fan,  
 pol-o que pensan e contan,  
 eso vese ben ás craras,  
 non ten volta.

Que trunfen os liberás,  
 que os conservadores morran,  
 que Cánovas caya ó inferno,  
 que ruba Sagasta á gloria,  
 que os cesantes que non comen  
 n-o comedeiro se poñan,  
 que os empregados, cesantes  
 n-unha somana se volvan,  
 que as paces faga Pidal  
 c' os socios d' a *Union Católica*,  
 que non haxa pastorales  
 com' as de Prasencia e Osma,  
 que aseguen os partidos  
 n-as suas endiañadas loitas,  
 os gallegos de Galicia  
 que n-o traballo non folgan,  
 os que levamos monteira  
 e calzon ou cirigolas,  
 os que pagamos calando  
 os trabucos que n-os botan,  
 os que non temos n-as Córtes  
 voz nin voto nin presoa  
 que valentes nos defendan  
 e que por nosoutros volvan,  
 os que pagamol-os vidros  
 que pol-os madriles rompan  
 ó fato de lapidantes

que nos gobernan de groma,  
 sempre estaremos n-a mesma,  
 suando pra comer broa,  
 cavando c' o sacho as terras  
 pra ter recolleitas fonchas  
 que van dempois ó rianxo  
 pra convertilas en onzas,  
 que cal si tivesen aas  
 encontra o Tesouro voan;  
 que nin un paso adiantamos,  
 que vivimos á mioca,  
 que andamos cuáseque espidos  
 pois son os traxes d' estopa,  
 que non chegamos a ter  
 forro un peso n-unha roda,  
 eso por desgracia sábeno  
 os pequerrechos d' a escola,  
 as nais que gobernan casa,  
 os vellos, mozos e mozas;  
 eso é craro com' a luz,  
 tan fixo com' unha lousa,  
 tan seguro com' a morte:  
 non ten volta.



## CORREO D' O TIO MARCOS.

D. I. S., Nogueira de Ramoin.—Recibin seis réas pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros de Mayo.

D. X. S., Santiago.—Recibin tres pesetas pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros d' Outubro.

D. C. de D. A., Xunqueira d' Espadañedo.—Recibin seis réas pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros de Xulio.

D. E. M., Allariz.—Recibin tres pesetas pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros d' Agosto.

D. X. C., Teixeira.—Recibin seis réas pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros de Xulio.

D. C. G. R., Carballiño.—O mesmo.

D. A. M., Tuy.—Recibin unha libranza de tres pesetas pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros d' Outubro.

D. E. M. B., Santiago.—Recibin seis réas pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros de Marzo.

D. M. A. P., Cesures.—Recibin unha peseta pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros de Xunio. Mandáronselle os parrafeos d' este mes. Pode pagar o que queira e segun pol-os meses que se suscriba.



## O TIO MARCOS D' A PORTELA

### PARRAFEOS GALLEGOS

Sai á luz en Ourense todol-os domingos en oito páxinas en fóllo, contendo artigos de costumes, poesias, efemérides, cantares e contos d' o país gallego.

#### SUSCRICION

Seis reás cada tres meses.

#### ADMINISTRACION

Alba, 15, Ourense.

O pago d' as suscriçións é por adiantado.—Os números soltos véndense á dez centimos de peseta.  
—Os pagos faranse en letras d' o xirc.

## ALMACEN DE ULTRAMARINOS

DE

# D. RAMON QUESADA,

## PRAZA MAOR=OURENSE

O TIO MARCOS D' A I

onso Encinas  
—Gal.—  
urtido de bacalao d' Escocia e de Noruega, escabeches en latas e barriles, ostras, lamprea, salmon, rodaballo, besugo, congrio, sardiñas, e pra que nada falte tamen vos hay bacalao a vizcaina, bacalao a catalana e pulpo.

Latas de pementos, mixilôs, guisantes e froitas en conserva.

Queixos de bola e de total-as castes e salchichôs de Vich.

*Precios económicos en competencia c' os conecidos.*